



CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COA CONFRARÍA DE PESCADORES SAN JUAN

REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa do Ilmo. Concello de Redondela, dona Digna Rosa Rivas Gómez, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra, dona Dionisia Otero Amoedo, con DNI 53177987D e enderezo na Avda. Alvedosa, 37, 36818 Redondela, en calidade de patroa maior da Confraría de pescadores San Juan con CIF F 36010916, con enderezo en Avenida Mendiño, 110 36693 Redondela, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que para tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Redondela ten competencia en materia de feiras, abastos, mercados e comercio ambulante e na promoción da actividade comercial do municipio; todo isto segundo establecen a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e do Decreto 183/2011, de 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais do comercio.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os Municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

SEGUNDO.- Que a Confraría de pescadores San Juan ten coma fins principais entre outros os de xestionar as áreas da zona marítimo-terrestre e de establecer plans de produción e comercialización co fin de mellorar a calidade dos produtos e adaptar os volumes da oferta. Para elo, realiza, entre outras, as seguintes actividades que redundan en beneficio do municipio de Redondela e dos seus habitantes:

- Adquisición de semente de ameixa xaponesa para aumentar a produción, valorizar os bancos de marisqueo e mellorar os seus ingresos coa súa comercialización, xa que é o recurso que máis venda ten no sector de marisqueo a pe desta entidade.

Que sendo os obxectivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ambas as dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo ós seguintes

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que a Confraría de pescadores San Juan presenta:

- a) Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Certificados de estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social tras a autorización da Confraría.
- c) Declaración responsable respecto á obriga contida no artigo 25 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- d) Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado non supere o importe total.

SEGUNDO .- A Confraría de pescadores San Juan vén desenvolvendo ó longo destes anos actuacións relacionadas cun desenvolvemento económico e empresarial sustentable como xeito de creación de riqueza, emprego e prestación de servizos á sociedade.

Debido ás características singulares e propias deste labor non é posible encadrar esta subvención dentro dun procedemento de concesión de subvencións de concorrencia.

En virtude do anteriormente exposto, o Concello de Redondela e a Confraría de pescadores San Juan acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que a Confraría de pescadores San Juan está interesada en recibir un patrocinio (que se encadra dentro do xa extenso labor, dentro das súas posibilidades, que realiza o concello no ámbito do desenvolvemento local) por parte do Concello de Redondela co **obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a adquisición da semente de ameixa xaponesa, considerándose este como gasto subvencionable.**

SEGUNDA.- Que o Concello de Redondela está interesado en mellorar e promover unha actividade dentro do Concello que redunde en beneficio da poboación, todo esto dentro da competencia xenérica do Iltmo. Concello de Redondela para satisfacer todo tipo de necesidades veciñais que lles outorga o artigo 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRA.- Tal como se establece no punto anterior, estando o Concello de Redondela interesado na promoción de actividades comerciais e, como se di na exposición segunda, tendo a realización da actividade unha importante repercusión no termo municipal, é por iso que se demostra deste xeito o interese social polo que o Concello de Redondela ven de decidir asinar un convenio coa Confraría de pescadores San Juan.

Así, no Acordo aprobado polo Pleno do Concello en data de 27 de febreiro de 2025 e

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





publicado o día 4 de abril de 2025 no boletín oficial da provincia de aprobación definitiva das subvencións nominativas para o exercicio 2025, recóllese a aplicación orzamentaria 4151A.4890000 para o outorgamento dunha subvención a favor da Confraría de Pescadores “San Juan”, por importe de 10.000,00 € (DEZ MIL EUROS) a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- A Confraría de pescadores San Juan comprométese a seguir realizando as actividades antes mencionadas, como ata agora o veñen facendo e en concreto a:

a) **Adquisición da semente de ameixa xaponesa.**

b) Presentar calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.

c) Comprométese a facer constar na **publicidade** realizada por calquera medio que as actividades e servizos que realice contan coa colaboración do Concello de Redondela. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela. A Confraría comprométese a unha utilización respectuosa do nome e da imaxe do Concello de Redondela.

d) Deberá colocar unha **placa identificativa** seguindo o modelo anexo, en lugar visible na zona de actuación,

e) A facer un uso responsable das instalacións, medios ou recursos, que no seu caso, poña a disposición o Concello sen causar danos nos mesmos.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a achegar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais ou debidamente compulsadas, polo menos, polo importe de 10.000 € (DEZ MIL EUROS) co obxecto de verificar que a actividade se desenvolveu e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación só poderá referirse a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio de acordo co orzamento aprobado pola Confraría e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos dos pagamentos a conta. No caso de que ó finalizar o prazo para a xustificación, non se xustificase a totalidade da subvención procederáse automaticamente á anulación da subvención polo non xustificando.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ó establecido legalmente no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, **a xustificación terá unha relación directa coas actividades subvencionadas**, en concreto co **gasto en adquisición da semente de ameixa xaponesa**. No caso de que se presenten copias das facturas, á parte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura se utilizou para xustificar unha subvención. Será necesario presentar o/s xustificante/s de pago da/s factura/s mediante transferencia bancaria.

En caso de que a xustificación se realice mediante **documentos substitutivos de facturas** deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





xustificación. En caso de que non este conforme coa xustificación requirirá á Confraría de pescadores San Juan a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta reducirase proporcionalmente á cantidade xustificada, procedendo automaticamente á anulación da subvención non xustificada.

Os libramentos dos fondos realizarase a medida que se vaia xustificando o gasto.

O prazo máximo para a xustificación será o 28 de novembro de 2025.

Así mesmo, coa xustificación da subvención a Confraría de pescadores San Juan deberá presentar:

1. Memoria xustificativa da actividade realizada na que conste unha descrición da actividade subvencionada, fotografías, etc segundo modelo Anexo II
2. Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio, son orixinais e que se atopa depositada a disposición do Concello para a súa comprobación.
3. Que non está incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Redondela.
5. Certificado de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
6. Que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado non supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.
7. Que en cumprimento dos artigos 21 e 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.
8. Unha declaración de que o custe do **IVE** que aparece nos documentos que presentan na xustificación **non ten o carácter de recuperable** para a entidade beneficiaria.
9. Que se cumpriron as obrigas recollidas na cláusula IV, especialmente a referida a que consta na **publicidade** ou calquera documentación impresa a actividade subvencionada o nome e o escudo do Concello. (Acreditarase con fotografías da publicidade realizada e da placa identificativa colocada na zona de actuación)
10. Que os documentos xustificativos presentados son orixinais e se corresponden a pagos efectivamente realizados e derivados da finalidade para a que foi concedida a subvención.
11. Conta Xustificativa segundo Anexo II: relación clasificada de gastos, no que se especificarán os seguintes datos: acredor, NIF, núm. de factura, data de emisión, concepto, importe e data de pago das facturas que se presenten para xustificar o convenio, por un importe igual ou superior á concesión, así como o/s xustificante/s de pago da/s factura/s mediante transferencia bancaria.

Previamente á aprobación do gasto, a área de Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) procederá á emisión de Informe/Certificación conforme ao artigo 88.3 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Por último a Confraría de pesadores San Juan comprométese a non participar na concesión de subvencións que podería outorgar o ltmo. Concello de Redondela conforme ás Bases de subvencións aprobadas no seu día pola Alcaldía ou órgano competente mentres dure a vixencia deste convenio pola mesma actividade que se recolle neste documento.

SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de :

- Tramitar a xustificación que se presente no seu momento pola Confraría de Pescadores San Juan.
- Colaborar para a boa execución deste convenio.
- Asumir unicamente o compromiso económico que se recolle na cláusula terceira, imputándose ó exercicio orzamentario do ano 2025.

Debido ás características deste convenio, non é necesario establecer consecuencias no caso de incumprimento dos compromisos asumidos por cada parte, mais alá de que exista algún desperfecto nas instalacións, medios ou recursos, que no seu caso, puxera a súa disposición o Concello.

SÉTIMA.- A Confraría de pescadores San Juan é a única responsable de cantos danos, tantos físicos coma materiais, poidan ocasionarse ó Concello de Redondela e sexan consecuencia directa ou indirecta do uso ou actividade desenvolvida na realización do evento, quedando exento de toda responsabilidade o Concello.

Así mesmo, a Confraría de pescadores San Juan asume a responsabilidade civil derivada da realización dos actos recollidos neste convenio, polo que o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade.

Igualmente, o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade derivada de actos do persoal dependente da devandita Confraría e de calquera persoa con quen esta se relacione.

Se o Concello fora condenado como responsable civil en procedemento civil ou penal, repercutirá a contía total á que ascende o fallo da sentenza á Confraría de pescadores de San Juan.

OITAVA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as outorgadas polo Concello de Redondela. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da persoa que ostenta a representación da Confraría de pescadores San Juan de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividade a desenvolver polo beneficiario.

Por outra banda, a Confraría de pescadores San Juan renuncian a participar de calquera outra axuda pública do Concello de Redondela aprobada dentro do ano 2025, con independencia do estado da tramitación da mesma.

NOVENA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro , Xeral de Subvencións.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- As Bases de Execución do Orzamento do Iltmo. Concello de Redondela.
- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

DÉCIMA.- A Confraría de pescadores San Juan queda expresamente comprometida e coñece todo o establecido nos títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ó reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

UNDÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste. Corresponderá á Alcaldesa de Redondela a interpretación, modificación e resolución do convenio. As posibles modificacións realizaranse a proposta do Concello de Redondela e sempre e cando conte con informes favorables. Para o cumprimento da letra f) do artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a existencia dunha comisión paritaria na que a actuación do Concello deberá contar con informes favorables. O período de vixencia deste convenio finalizará coa aprobación da xustificación.

DUODÉCIMA.- Con respecto aos datos de carácter persoal que puideran derivarse da execución do presente convenio, as partes asinantes quedan expresamente obrigadas ao cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia do convenio.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

O responsable do tratamento dos datos será o Concello de Redondela, podendo a Confraría de pescadores San Juan exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Redondela.

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





sexa previsto na súa normativa reguladora.

Conforme co mesmo o firman as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A Alcaldesa do Concello de Redondela

A Patroa maior de
Confraría de pescadores San Juan

Asdo: Digna Rosa Rivas Gómez

Asdo: Dionisia Otero Amoedo





Anexo ao convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención.

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
2. Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicar ó Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.
5. Acreditar que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
6. Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ó beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.
9. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. Con carácter xeral deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.
11. As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Redondela. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que esta foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

- a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.
- b) Identificación completa do provedor ou contratista, especificando polo menos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F. Ou C.I.F, domicilio fiscal, localidade e código postal.
- c) Número de factura.
- d) Lugar e data de emisión da factura.
- e) Descrición suficiente do subministro realizado ou do servizo prestado, con detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.
- f) Período que corresponda.

Achegarase xustificante/s de pago da/s factura/s mediante transferencia bancaria.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





MODELO DE PLACA IDENTIFICATIVA DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA

DIMENSIÓN: Formato horizontal: 420*300 mm
Formato vertical: 300*420 mm

SOPORTE RÍXIDO.

UBICACIÓN: Lugar visible na zona de actuación.



CONCELLO DE REDONDELA

CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COA CONFRARÍA DE PESCADORES SAN JUÁN

Descrición da actividade subvencionada:
ADQUISICIÓN DE SEMENTE DE AMEIXA XAPONESA

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





ANEXO I- DECLARACIÓN RESPONSABLE (coa sinatura convenio)

Denominación da Subvención: Convenio coa Confraría de Pescadores San Juan
Data da Declaración: .../.../2025

ÓRGANO XESTOR

Nome: Concellería de Emprego, Transición enerxética, Ensino, Sanidade, Medio Ambiente e Participación cidadá
Correo electrónico: aedl@redondela.gal

DECLARACIÓNS

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incursos en suposto algún ós que se refire o artigo **13** da Lei Xeral de Subvencións Públicas.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas ou de tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade non recibiu ningunha subvención para o obxecto do convenio.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa coa da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que en cumprimento dos artigos 21 e 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non ter incumplida ningunha obriga por reintegro de subvencións

AUTORIZO ó órgano que xestione a subvención a recabar os datos que obren en poder da administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore na declaración responsable, ou a non presentación da declaración responsable, da documentación que lle sexa requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co procedemento sen prexuízo das responsabilidades penais, civís o administrativas que houberse lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, del 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

CIF: F36010916
Nome: Confraría de Pescadores San Juan
Teléfono: 986 404380-665770449
Correo electrónico: cofradia@cofradiaredondela.org

DATOS DO DECLARANTE

NIF:
Teléfono:
Correo electrónico:
Nome:
Apelidos:
Cargo:

SINATURA:

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





ANEXO III- DECLARACIÓN RESPONSABLE (FASE XUSTIFICACIÓN)

D. con DNI, en calidade de patrón/a maior da Confraría de pescadores San Juan con CIF F 36010916, en relación coa xustificación do convenio asinado co Concello de Redondela para.....

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Primeiro: Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio, son orixinais e que se encontra depositada a disposición do Concello para a súa comprobación.

Segundo: Que a Confraría de pescadores San Juan non está incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Terceiro: Que a Confraría de pescadores San Juan atópase ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello e das súas obrigas tributarias das distintas administracións e coa Seguridade Social.

Cuarto: Que a Confraría de pescadores San Juan non recibiu ningún tipo de subvención que financie o gasto xustificado, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado non supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.

Quinto: Que en cumprimento dos artigos 21 e 25 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.

Sexto: Que os impostos que se recollen nas facturas son deducibles, ou no seu caso que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter recuperable para a entidade .

Sétimo: Que se cumpriron as obrigas recollidas na cláusula IV, especialmente a referida a que consta na publicidade ou calquera documentación impresa a actividade subvencionada o nome e o escudo do Concello.

Oitavo: Que os documentos xustificativos presentados son orixinais e se corresponden a pagos efectivamente realizados e derivados da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Noveno: Que o gasto total que tivo que asumir a entidade beneficiaria desta actividade subvencionada ascendeu a€ (IVE incluído)

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore na declaración responsable, ou a non presentación da mesma, da documentación que lle sexa requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co procedemento sen prexuízo das responsabilidades penais, civís o administrativas que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, del 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Redondela, ... dede

O Patrón/a maior da Confraría de pescadores San Juan

Asdo.:

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

